

Concello de Viveiro

EXP. 1455/2026

BASES VIII PREMIO DE NOVELA VILAR PONTE

Coa finalidade de render homenaxe aos escritores Antón e Ramón Vilar Ponte e asemade, apoiar e difundir a literatura en lingua galega, o Concello de Viveiro convoca o VIII PREMIO DE NOVELA VILAR PONTE, de acordo coas seguintes

BASES

PRIMEIRA:

Estas Bases teñen por obxecto establecer as bases reguladoras para a concesión dos premios que se outorguen a aquelas persoas que participen no premio de novela Vilar Ponte que anualmente convoca o Concello de Viveiro.

SEGUNDA:

Poderán participar nel todas as persoas, maiores de idade e de calquera nacionalidade, que presenten obras orixinais e inéditas; escritas en lingua galega, conforme á normativa vixente; e que non foran premiadas con anterioridade (os participantes neste premio teñen o deber de comunicar ao Concello de Viveiro a concesión de calquera premio que obteña a obra presentada, no momento no que esta situación se produza, o que dará lugar á súa exclusión deste concurso).

TERCEIRA:

As obras terán unha extensión e temática libre.

CUARTA:

De cada orixinal presentaranse catro copias en papel, en tamaño DIN A4, impresas a dobre espazo e, cada unha delas, debidamente grampada, cosida ou encadernada.

Os orixinais presentaranse sen firma, con título, cun lema e utilizando o sistema de plica. Non poderán levar ningunha inscrición que poida suxerir o nome do autor ou autora.

Presentarase, ademais, un sobre pechado no que figure por fóra o devandito lema e o título da obra. Dentro do sobre incluírase nome completo, dirección e teléfono do autor ou autora, así como unha fotocopia do DNI e unha declaración responsable conforme a obra se axusta ás normas establecidas nestas bases. Só se abrirá o sobre dos traballos premiados.

QUINTA:

O prazo de presentación de orixinais iniciárase ao día seguinte ao da publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios Dixital e finalizará o 30 de xuño de 2026, considerándose incluídas neste prazo as que, enviadas por correo, presenten selo postal de orixe con esa data ou anterior.

As obras presentaranse no seguinte enderezo: Concello de Viveiro, Praza Maior, s/n, 27850 Viveiro (Lugo), facendo constar no exterior "Para VIII Premio de Novela Vilar Ponte".

Concello de Viveiro

Plaza Mayor, 1, Viveiro. 27850 Lugo. Tfno. 982560128. Fax: 982561147



Concello de Viveiro

SEXTA:

O xurado, que será designado mediante Resolución de Alcaldía, estará composto por tres persoas vinculadas ao ámbito literario, cultural ou xuvenil e mais un representante do concello, con voz e sen voto, que actuará como secretario.

A composición do xurado darase a coñecer, con anterioridade á súa reunión, no Taboleiro de Anuncios Dixital, co fin de que se poidan interpoñer os recursos legais pertinentes.

O xurado terá todas as facultades para a interpretación e integración das posibles lagoas nas presentes bases en todo o relativo á concesión do premio (que poderá quedar deserto no suposto de que non se presentaran obras de calidade adecuada a xuízo do xurado); a súa decisión estará baseada en criterios de valoración literarios e lingüísticos, tales como a calidade literaria, a boa narrativa, a boa puntuación, a cohesión entre as partes da obra, a xeneralidade do público ao que vai dirixida, a actualidade e frescura na obra, a transmisión ao lector de valores humanos e éticos e sempre dando cumprimento aos principios de publicidade, transparencia, igualdade, non discriminación e obxectividade.

As deliberacións do xurado serán secretas e delas redactarase a acta correspondente. Os premios concederanse por maioría de votos.

O xurado emitirá a súa decisión no mes de outubro de 2026, presentando a súa proposta á Alcaldía do Concello de Viveiro, que ditará resolución concedendo os premios aos candidatos propostos polo xurado. Esta resolución, na que deberán figurar os nomes dos gañadores, será publicada no Taboleiro de Anuncios Dixital, outorgando un prazo de 10 días hábiles aos seleccionados para a presentación dunha declaración responsable de estar ao corrente nos seus deberes tributarios e coa seguridade social, e non estar incursos en prohibición de percepción de deberes públicos, e en xeral de cumprir os requisitos dos artigos 10 da Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; e 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

No non previsto expresamente, o funcionamento do Xurado axustarase ao disposto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SÉTIMA:

Establécense dous premios; un primeiro premio, que consta de 4.000,00 euros, peza-recordo e diploma; e un segundo premio, que consta de 1.000,00 euros, peza-recordo e diploma. O importe dos premios estarán suxeitos á lexislación fiscal vixente. Os premios están consignados na partida 3340.481, atopándose retido o crédito necesario.

A entrega dos premios terá lugar nun acto público organizado polo Excmo. Concello de Viveiro.

OITAVA:

As obras gañadoras pasarán a integrar o fondo do patrimonio da Biblioteca Pública Municipal de Viveiro, podendo ser editadas por este Concello. Neste sentido, os autores renuncian a favor do Concello de Viveiro, na primeira



Concello de Viveiro

edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor. De desexar os autores facer uso dos textos premiados para a súa publicación deberán solicitar permiso ao Concello de Viveiro. De serlles concedido os autores comprométense a facer constar na publicación, expresamente, que as obras foron distinguidas no premio de novela Vilar Ponte.

NOVENA:

As persoas participantes neste premio consinten que os datos persoais aportados, de conformidade coa normativa de protección de datos persoais, sexan obxecto de tratamento na actividade a desenvolver e baixo a responsabilidade do Concello de Viveiro, coa finalidade de xestionar a convocatoria do premio.

DÉCIMA:

As obras non premiadas serán destruídas xunto as plicas, non admitíndose peticións de devolucións.

UNDÉCIMA:

As presentes Bases réxense pola Lei 9/2017, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, e supletoriamente a Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (LXS), e o Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións (en diante RLXS).

Para o non previsto en dicha normativa, será de aplicación a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e o Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

DÉCIMA:

O Concello de Viveiro comunicará á Base de datos Nacional de Subvencións esta convocatoria.

DUODÉCIMA :

A participación neste premio implica a aceptación destas bases.

María Carmen Gueimunde González
Alcaldesa de Viveiro
Na data da sinatura dixital ao marxe

